



## **CALENDARIO PARA A ELECCIÓN DEREPRESENTANTES NO CONSELLO ESCOLAR (NOVEMBRO / DECEMBRO 2018)**

*Segundo a Resolución do 25 de setembro de 2018 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.*

<b>PROCEDIMENTO PRELIMINAR</b>	
<b>15 outubro</b> (luns)	Publicación no taboleiro de anuncios do Centro da data e hora no que se procederá ao sorteo público para a designación dos membros da Xunta Electoral. ( <i>Artigo 30 do Decreto 92/1988 segundo redacción dada polo Decreto 324/1994; DOG do 9 de agosto</i> ). Envío de circular aos pais e nais anunciando dito sorteo.
<b>17 outubro</b> (mércores)	Sorteo público, ás 12:10 h, para a designación dos membros da Xunta Electoral (Titulares e Suplentes). Segundo o resultado anterior, envío de citacións para a constitución da Xunta Electoral.
<b>06 novembro</b> (martes)	<b>Primeira reunión da Xunta Electoral</b> Acta da súa constitución. Aprobación do calendario de actuacións.
<b>CALENDARIO DE ACTUACIÓNS</b>	
<b>06 novembro</b> (martes)	Publicación nos taboleiros de anuncios: Dos censos electorais do profesorado o dos pais/nais ou titores/as legais do alumnado. Das convocatorias de eleccións nos distintos sectores educativos. Do período de reclamación aos censos: ata o 14 de novembro de 2018. Solicitude ao Concello e a ANPA de designación dos seus representantes.
<b>07 novembro</b> (mércores)	Envío de circular ás nais/pais ou representantes legais do alumnado coa convocatoria do seu sector.
<b>Do 08 ao 14 de novembro</b> (xoves/mércores)	Presentación de candidaturas aos distintos sectores: Na secretaría do centro estarán a disposición dos/-as candidatos/-as as solicitudes para presentarse á elección.
<b>13 novembro</b> (martes)	Envío de convocatoria para a celebración da segunda reunión da Xunta Electoral. Envío de convocatoria de Claustro informativo para o día 20 de novembro, martes ( <i>Art. 35 do Decreto 92/1988</i> ).
<b>19 novembro</b> (xoves)	<b>Segunda reunión da Xunta Electoral:</b> Admisión, proclamación e publicación de candidaturas (prazo de reclamacións: 16 a 20 de novembro). Aprobación dos censos electorais e de modelo de papeletas de votación. <b>Sorteo público para designar catro representantes dos pais/nais, e os seus suplentes, para formar a mesa electoral que se constituirá o día das eleccións.</b>
<b>20 novembro</b> (martes)	<b>Reunión de Claustro de Profesores</b> (Lectura de normas, relación de candidaturas, acordo de convocatoria de Claustro extraordinario para a elección do profesorado(data posible: martes 27 de novembro).
<b>21 novembro</b> (mércores)	Comezo das distintas campañas electorais. Envío de: Circular ás familias anunciando as candidaturas do seu sector. Convocatoria de Claustro extraordinario. Citacións para a constitución das distintas mesas electorais. Convocatoria para a terceira e última reunión da Xunta Electoral.
<b>23 novembro</b> (venres)	Envío aos pais/ nais ou titores/-as legais do alumnado dunha circular recordatoria do día das votacións do seu sector.
<b>27 novembro</b> (martes)	<b>VOTACIÓNS:</b> <b>Pais/ nais e titores legais do alumnado: de 9:30 h a 16:30 h.</b> <b>Profesorado: 18:00 h (Claustro de carácter extraordinario)</b> Cada mesa, finalizada a votación correspondente, procederá ao escrutinio público dos votos, redactará e publicará a acta dos resultados.
<b>28 novembro</b> (mércores)	<b>Terceira e última reunión da Xunta Electoral:</b> Proclamación e publicación de candidatos/as electos/as. Traslado das copias das actas das mesas electorais á Xefatura Territorial. ( <i>Art. 51 do Decreto 92/1988</i> ) Convocatoria de reunión para a constitución do novo Consello Escolar. ( <i>Art. 52 do Decreto 92/1988, DOG</i> )
<b>4 ou 11 decembro</b> (martes)	<b>Constitución do novo Consello Escolar do centro, segundo o art. 52 do Decreto 92/1988, do 28 de abril modificado polo Decreto 324/1996 do 26 de xullo:</b> Constitución do Consello. Designación dos membros que van a constituír a comisión económica, de biblioteca, de convivencia e de comedor escolar. Designación da persoa responsable de impulsar medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres. ( <i>Art. 126.2 da LOMCE</i> ).
<b>Antes do 20 de decembro</b> (12 decembro)	Envío á xefatura territorial do informe que se publica como anexo II á Resolución do 25 de setembro de 2018.